

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 23 DE SETEMBRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintetres de Setembro de mil novecentos noventa e seis; ás seis da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez. - Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 16 de Setembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Vissto o escrito presentado por Ferretería do Puente, S.L., con domicilio na rúa Progreso, 65, no que interesa información urbanística aplicable a un solar sito na rúa Progreso 63/65, desta Vila, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o informe emitido polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello, que di o seguinte: "NORMATIVA ESPECIFICA E ARTICULOS A APLICAR NA ZONA DE PROTECCION DO CASCO HISTORICO.- 1.1).- Con respecto ás NN.SS. Ribadavia.- 4.07).- Redactarase un plano especial, sensible a unha tipoloxía de transición non brusca entre o devandito Casco Antigo e mailo resto da edificación.-

4.10.2).- Delimita un polígono de percepción, de tal xeito que as alturas das edificacións en ningún caso supere a rasante da estrada N-120, a rasante irá asociada ó espazo poligonal inscrito con vértice no devandito punto e lados tanxentes ó Casco Antigo Anular.- 4.1.4.1).- As condicións de posición tanto aliñacións e rasantes as que marque o planeamento e que se atopan grafiados no plano nº 2, folla 3ª de Ribadavia Núcleo. O resto do articulado a aplicar atópase na ordenanza RC/Residencial Cerrada.- 1,2).- Con respecto á Lei do Solo: O PERI, só pode ordenar ámbitos parciais do solo urbano, polo que require a preexistencia dun planeamento xeral, (neste caso as Normas Subsidiarias Municipais), que realice a clasificación so solo, (neste caso como Residencial Cerrada). O ámbito que ordenaría o PERI, segundo as NN.SS. é "a tipoloxía de transición non brusca entre Casco Antigo e mailo resto da edificación".- 1.3.- Con respecto ó informe de Patrimonio: Exp. nº 2506. Determínase a tipoloxía, materiais, elementos e tratamento de fachada que debe te-la proposta.- INFORME: Examinada tódala normativa existente ó caso, INFORMO: as aliñacións serán as estipuladas no plano nº 2, folla, 3ª, que a proposta cumpre. O volume de edificación virá determinado polo artigo 4.10.2, non superará en ningún caso a rasante da N-120, polo tanto igualará cornisa co edificio colindante, así como o volume de cuberta, que a proposta cumpre graficamente, reflexado fotográfica e planimetricamente no plano A-6.- CONCLUSIONS: Con respecto ó artigo 4.04, a asesoría urbanística entende que a devandita tipoloxía de transición está supervisada pola Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Ourense, mentres non se aprobe o PERI, e con respecto ó resto dos artigos e normativa, están cumpridos na devandita proposta. Polo tanto infórmase favorablemente as aliñacións, rasantes e volumes, así como todo o articulado sobre Residencial Cerrada que se atopan reflexados na proposta. Este informe non terá validez total ata que a Comisión de Patrimonio non informe favorablemente a proposta"

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Deputación Provincial, comunicando concesión de subvención por importe de 1.000.000 de pesetas, para gastos da "Mostra Internacional de Teatro 1996".

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, acorda por unanimidade, a autoliquidación do prezo público por ocupación de terreos públicos con postos, barracas, espectáculos, etc, con motivo das Festas do Portal 1996, por importe de 919.000 pesetas, segundo detalle que consta no expediente das Festas do Portal 96.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á certificación nº 1 da obra nomeada "Saneamento Maquiás e Gandarela" do Programa PIEL/1996, por importe de 5.265.521 pesetas.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as seis e media da tarde, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.